



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Ordenación Forestal da secretaría xeral do Medio Rural e Montes,

DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar con Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de febreiro de 2017 ata o 31 de xaneiro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de cooperación e colaboración das partes asinantes, no seu interese común por estender a cobertura poboacional e territorial da RESGAL, especialmente en parroquias de alta actividade incendiaria (en diante PAAI) e, en xeral, por establecer medidas e mecanismos de colaboración que permitan facer fronte aos incendios forestais e incrementar a protección das súas respectivas infraestruturas (e dos seus medios técnicos e humanos) situadas en zonas de alto risco de incendio, sen menoscabo da salvagarda das respectivas competencias de cada parte.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que, REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL, S.A., foi creada mediante o Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, e está adscrita á Amtega, a través da Área de Infraestruturas e Telecomunicacións, de acordo co establecido no punto 3 da Disposición adicional décima de conformidade co Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Amtega e se aproban os seus estatutos. Retegal dispón dunha ampla rede de infraestruturas de telecomunicacións ao longo da xeografía galega, sobre as que se prestan servizos de telecomunicacións tanto ás entidades dependentes da Xunta de Galicia como





directamente aos cidadáns da comunidade autónoma. Retegal, por encomenda da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, encárgase da explotación da rede de comunicacións móbiles de emerxencia titularidade da Xunta de Galicia, baseada no estándar TETRA e denominada Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia (en diante, RESGAL).

Que, a dirección xeral de Ordenación Forestal, a través da subdirección xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (en diante SPDCIF), dependente da consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, é a entidade encargada de levar a termo as actuacións encamiñadas á protección e á defensa dos montes contra os incendios forestais na comunidade autónoma de Galicia, exercendo as funcións de:

- Planificación, programación, avaliación e seguimento de medidas e accións de defensa dos montes contra os incendios forestais
- Elaboración de estudos de análises de causalidade e planificación preventiva
- Coordinación de medios na loita contra os incendios forestais

A SPDCIF dispón de infraestructuras distribuídas ao longo da xeografía galega, ubicadas en emprazamentos próximos ás PAAI, para acometer as labores de detección, defensa e protección contra incendios forestais, mediante o establecemento de puntos de vixilancia fixa, estacións repetidoras de comunicación e bases de medios aéreos.

A SPDCIF está adherida a RESGAL, e especialmente interesada en que se optimice o reforzamento da súa cobertura en zonas de alto risco de incendio e nas PAAI.

Que por resolución do 29 de abril de 2016 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, encomendouse á sociedade RETEGAL a realización dun programa de investimentos nos anos 2016 e 2017 encamiñados a estender a cobertura poboacional e territorial da RESGAL, mediante a planificación e despregamento de novas estacións radio base (ERB) e repetidores.

RETEGAL ten realizado os estudos de cálculo de cobertura pertinentes e determinado que varias das infraestructuras titularidade da SPDCIF poden aportar unha mellora significativa da cobertura en zonas de alto risco de incendio.

Que pola súa banda, a SPDCIF está inmersa en distintos plans piloto de despregamento de sistemas para mellorar a xestión de recursos e incremento das capacidades das súas estacións de vixilancia fixa e o control das bases de medios aéreos. A SPDCIF, en base aos seus propios estudos técnicos e de planificación, ten determinado que varias das





infraestruturas titularidade de RETEGAL permiten viabilizar o despregamento de sistemas para o control dos medios aéreos.

Que, ambas partes, no seu interese común por estender a cobertura poboacional e territorial da RESGAL, especialmente en PAAI e, en xeral, por establecer medidas e mecanismos de colaboración que permitan facer fronte aos incendios forestais e incrementar a protección das súas respectivas infraestruturas (e dos seus medios técnicos e humanos) situadas en zonas de alto risco de incendio, chegan ao presente acordo.

Que os intereses converxentes de ambas partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende , con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase este memoria en Santiago de Compostela.

